

Primeiro Ciclo Primaria Día das letras galegas 2010



**Seminario de Formación Permanente
«Uxío Novoneyra»**

Rosa María Andrés Losada
Eduardo Xosé Cabrera Paradela
M.^a Luísa Domínguez Pérez
Armando Xosé Herrero Mayor
M.^a Luísa Mosquera Seijo
Mario Ramón Suárez Hermida

**Seminario de Formación Permanente
«Material didáctico sobre Uxío Novoneyra»**

Ana Fernández Jonte
M.^a Isabel Hortas González
Paz Santiso Andrade
Ana María Seijo López
M.^a Jesús Souto Pereira
M.^a Belén Suárez Carballo

**Seminario de Formación Permanente
«Uxío Novoneyra na Rede»**

Ana María Cernadas García
María del Carmen Félix Cedeira
Vanessa Guimarey Cedeira
Manuel Paz Anido
José Antonio Picado Rodríguez
M.^a Carmen Valiñas Rivas

Asesoría pedagóxica CEFORE A Coruña

Xosé Antón Amil García

Maquetación e deseño gráfico

Manolo Paz Anido (www.edugaliza.org)

Colexios participantes

CEIP Anxo da Garda, da Coruña
CEIP A Solaina, de Narón
CEIP Galán, de Oseiro-Arteixo
CEIP Eusebio da Garda, da Coruña
CEIP Torrente Ballester, de Sigrás-Cambre
CEIP Luís Seoane, de Mera-Oleiros
CEIP Montel Touzet, da Coruña
CEIP Portofaro, do Temple-Cambre
CEIP Praia de Quenxe, de Corcubión
CEIP Virxe do Mar, de Narón
CEIP W. Fernández Flórez, de Cambre
CPI do Feal, de Narón

Á Real Academia Galega, a Saleta Goy e a Uxío Novo Rei pola súa colaboración e xenerosidade.

Edita

**Seminario Permanente de Formación
do Profesorado do CEIP de Galán,
Oseiro-Arteixo (A Coruña)
<http://www.seminariogalan.org>
ISBN 978-84-692-9829-9**



UXÍO NOVONEYRA

Este ano adicámoslle o Día das Letras Galegas ao escritor e poeta lugués, Uxío Novoneyra. Uxío naceu en Parada de Moreda, unha pequena aldea das montañas do Courel, o día 19 de xaneiro de 1930.

Os seus pais eran labradores e cando tivo idade foi estudar a Lugo o bacharelato. Máis tarde continuou os estudos universitarios en Madrid. Comezou a escribir os seus primeiros poemas en castelán, aínda que máis tarde xa os fixo sempre en galego.

Era moi amigo doutro poeta galego moi importante, Manuel María, co que compartía ideas, charlas e paseos.

Escribiu tres libros de contos para os máis pequenos: «Gorgorín e Cabezón», «Ilda, o lobo, o corzo e o xabarín» e «O cubil do xabarín».

Ten varios libros de poemas: «Muller pra Lonxe», «Do Courel a Compostela»... Se cadra o máis importante é o que recolle as poesías ambientadas nas montañas do Courel. O libro leva por título «Os eidos».

*CANTA o cuco cala e canta
dos castiñeiros do val.
Pasa o tempo e non di nada
e volta o cuco a cantar.*

Casou en 1973, con Elva Rei, á que coñeceu durante a súa estada en Lugo, e tiveron tres fillos: Branca-Petra, Uxío e Arturo.

Uns anos despois da súa voda foi vivir a Santiago de Compostela e alí elixírono Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, cargo que exerceu durante dezasete anos.

Durante toda a súa vida Uxío foi un gran defensor do noso idioma e da nosa terra.

*«Todo o que pasou o meu pobo pasoume a min
todo o que pasou o home pasoume a min.»*



Uxío Novoneyra, caricatura de Xabier Domínguez



Portada de «O cubil do xabarín», un dos tres contos que escribiu Uxío para os máis pequenos.

Sinatura de Uxío Novoneyra

QUE SABES DE UXÍO NOVONEYRA?

Une e colore a da mesma cor cada unha das parellas.

Lugar de nacemento

Estudos de bacharelato

Estudos na universidade

Viviou despois da voda


Lugo

Santiago

O Courel

Madrid

ENCRUCILLADO



- 1.- Cidade na que foi vivir Uxío de maior.
- 2.- Primeiro nome da filla de Uxío Novoneyra.
- 3.- Apelido de Uxío.
- 4.- Nome do seu terceiro fillo.
- 5.- Cidade na que estivo na universidade.
- 6.- Idioma no que escribiu a maioría das súas obras.
- 7.- Cidade na que estudou o bacharelato.

1.- COMPOSTELA 2.- BRANCA 3.- NOVONEYRA 4.- ARTURO 5.- MADRID 6.- GALEGO 7.- LUGO

QUE LIBROS ESCRIBIU UXÍO?

Localiza as portadas dos tres libros de contos que escribiu Uxío Novoneyra, escribe os seus títulos e copia a portada dun deles.



Ilda vivía entre os tesos, nun torrepenelo.

Unha torre ergueita sobor dunha gran rocha no cabo do mundo.

A súa mai morrera daquel único parto e o pai nunca a levou consigo nas súas viaxes á corte nin ós castelos e pazos veciños.

Así medrou Ilda, illada na torre, sen ver máis mundo do que divisaba da fiestra oeste do castelo, dende onde olla cruzar as xentes polo camiño real; naméntres maxina a gran cabalgata en que partirá lonxe cando sexa desposada.

Roxía o Lor ó fondo do val e planaban as aigas de cume a cume co mesmo vagar que pasaban os días.

Un día que non está o seu pai -criados e familiares andaban todos en faenas de fóra- a doncela baixou ó patio do castelo ver as gaiolas do lobo, o corzo e o xabarín que lle regalaran vivos os monteiros á volta da derradeira cazata de inverno.

Ó pararse diante das gaiolas oíu unha voz rouca.

Era o xabarín:


-¡Dona Ilda! Se nos devolves ó monte, prométoche andar tódalas serras de Galicia e León e pedirlle a tódolos xabariños que se veñan morar ó Courel encol do castelo de teu pai.

Ó verte, moitos preñaranse da túa rara beleza e ti poderás escoller de entre eles ó mozo máis galán.

-¡Outro tanto prometo eu! - dixo o corzo, que inda só tiña unha galla na corna- e, antes de que teña tres gallas, terás ti amor.

O lobo engadiu:

- E eu pedireille a tódolos lobos do Courel que partan comigo a outras serras para que corzos e xabariños incen e se multipliquen.



DECATÁCHESTE BEN DA LECTURA?

Marca cunha cruz a resposta correcta sobre o texto da lectura. Cópiaa.

Quen é Ilda?

Unha nena.

Unha velliña.

Onde vivía Ilda?

Nunha casa no medio do campo.

Nun castelo, entre os tesos, nun torrepenelo.

Con quen se criou Ilda?

Cuns profesores e profesoras, interna nun colexio.

Co seu pai, nun castelo.

Tiña irmáns?

Tiña oito irmáns cos que xogaba polo xardín.

Non, porque a súa nai morrera no seu único parto.

Quen son os protagonistas do fragmento?

Ilda, o lobo, o corzo e o xabarín.

Ilda, o cuco, a vaca e o xabarín.

Que lle regalaron os monteiros ao pai de Ilda?

- Un lobo, un corzo e un xabarín vivos.
- Un lobo, un gato e un xabarín desecados.

Onde estaban gardados estes animais?

- Na corte das vacas.
- En gaiolas no patio do castelo.

Que imaxinaba Ilda? Cal era o seu maior desexo?

- Nunha gran cabalgata na que poidera partir lonxe.
- Ir de cacería co seu pai.

En que época do ano sucedía esta historia?

- No inverno.
- No verán.

A SOPA DE LETRAS

Localiza nesta sopa de letras o nome de cinco personaxes do conto.



CORZO
XABARÍN
MONTEIROS
ILDA
LOBO

S	G	L	F	C	N	B	M	I	G	H	F
F	N	G	L	O	B	O	T	L	S	D	V
X	A	B	A	R	I	N	C	D	M	H	B
Ñ	L	D	H	Z	D	F	G	A	G	Ñ	D
D	N	G	M	O	N	T	E	I	R	O	S

AS ILUSTRACIÓNS

Ao conto de Ilda fáltanlle unhas cantas ilustracións. Poderías facer dous debuxos que teñan que ver co conto e coas frases que figuran en cada recadro?

Ilda falaba co lobo.



Ilda vivía nun castelo.




A CADA UN O SEU

Une cada texto co animal que lle corresponda. Colorea da mesma cor o texto e o animal.

-Prometo pedirlle a todos os xabariños que veñan morar ó Courel.

-Antes de que teña tres gallas, terás ti amor.

-Pedireille a todos os lobos do Caurel que partan comigo.



POÑENDO UN POUCO DE ORDE

Ordena estas frases relacionadas coa lectura.

Os tres animais fáronlle a Ilda.

A doncela baixou ao patio do castelo.

O pai nunca a levara consigo nas súas viaxes.

Parouse diante das gaiolas.

1 ▶ _____


2 ▶ _____

3 ▶ _____

4 ▶ _____

ENCRUCILLADO

Resolve este encrucillado con palabras da lectura.



- 1.- Ósos que teñen na cabeza os corzos e outros animais.
- 2.- Animal do conto que tiña unha galla na corna.
- 3.- Parte máis alta dunha montaña.
- 4.- Animal salvaxe moi parecido ao porco.
- 5.- Edificio onde vivía Ilda.
- 6.- Animal carnívoro moi parecido ao can e que vive nas montañas.

1.- CORNAS 2.- CORZO 3.- CORZO 4.- CUME 5.- XABARÍN 6.- LOBO

COMO É CADA COUSA?

Relaciona cada nome coa súa característica. Escribe as parellas.



- TORRE
- PELUDO
- CORNOS
- DENTES AFIADOS
- ILLADA

<input type="text"/>	▶	<input type="text"/>
<input type="text"/>	▶	<input type="text"/>
<input type="text"/>	▶	<input type="text"/>
<input type="text"/>	▶	<input type="text"/>
<input type="text"/>	▶	<input type="text"/>

VIVIR NO CABO DO MUNDO

Escolle e colorea o significado da expresión «CABO DO MUNDO». Cópiaa.

Vivir nun sitio moi lonxe.

Vivir no alto do monte.

Vivir á beira do mar.

Vivir rodeado de animais.








▶

COMO REMATA O CONTO?

Inventa un final para o conto de Ilda.

CADA ANIMAL CO SEU NOME


Saberías poñerlle o nome a estes animais? Coloréaos e escribe un contíño no que aparezan algún deles xogando polos montes do Courel.



PACEN AS VACAS

*PACEN as vacas
na nabarega.
Treme a pequena
que vai coélas.
Febreiro chove
febreiro xea
febreiro neva
neve lixeira...*

Uxío Novoneyra



DECATÁCHESTE DA POESÍA?

Que animais pacen na nabarega?

Quen treme?

Quen vai coas vacas?

Que tres cousas pasan en febreiro?

Por que cres que pode tremer a pequena?

APRENDENDO REFRÁNS

Utilizando as palabras do recadro completa os refráns.

oseiro sombreiro ventre lareira

★ En febreiro sae o oso do

★ En febreiro sete capas e un

★ Febreiro quente trae o demo no

★ Febreiro, xeadá na leira e cachopo na

AS CATRO ESTACIÓNS

Saberías colocar os meses do ano na estación que lle corresponde?

XANEIRO FEBREIRO MARZO ABRIL MAIO XUÑO XULLO
AGOSTO SETEMBRO OUTUBRO NOVEMBRO DECEMBRO

PRIMAVERA

VERÁN

OUTONO

INVERNO

AS CATRO ESTACIÓNS

Resolve este encrucillado relacionado con palabras do poema.

- 1.- Palavra que indica pouco peso, livián.
- 2.- Caer auga das nubes en forma de pingas.
- 3.- Mamífero rumiante femia. Dá leite.
- 4.- Segundo mes do ano.

1.- LIXEIRA 2.- CHOVER 3.- VACA 4.- FEBREIRO

CHEGA A HORA DE IRSE Á CAMA

CHEGA a hora de irse á cama.
O lume xa non dá fume
nin chama.
Tras tantas cousas contadas
van indo acabadas
as ganas de falar.
O ollo do lume
xunta nunha as miradas...

.....
Queda a brasa das ragoadas
amontoada no lar.



Uxío Novoneyra

COMPRENDES O POEMA?

Une cada un dos versos co seu significado e colorea as parellas.

O lume xa non dá fume nin chama.

A xente queda en silencio.

O ollo do lume xunta nunha as miradas.

Xa é tarde.

Chega a hora de irse á cama.

Todos miran ao lume.

Van indo acabadas as ganas de falar.

O lume está apagado.

Cando sucede a historia?

Que era o que xa non daba o lume?

Que van acabadas?